




TRATAMIENTO INTEGRADO DE LINGUAS

IES MONCHO VALCARCE





ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	2
2. QUE É O TIL?	2
3. O PORQUÉ DO TIL.....	2
4. QUE PERSEGUE O TRATAMENTO INTEGRADO DE LINGUAS?	3
5. DOCUMENTOS QUE XUSTIFICAN A ELABORACIÓN DO TIL	3
6. ACORDOS NA TERMINOLOXÍA.....	4
6.1. TERMOS NA ANÁLISE MORFOLÓXICA – ESTRUCTURA DA PALABRA	4
6.2. TERMOS PARA O PROCEDIMENTO DE FORMACIÓN DE PALABRAS.....	5
6.3. TERMOS PARA A ANÁLISE MORFOLÓXICA.....	6
6.3.1. AS CLASES DE PALABRAS	6
6.3.2. TERMINOLOXÍA PARA O PRONOME “SE”	7
6.3.3. TERMOS PARA A ANÁLISE SINTÁCTICA	7
6.3.4. TERMOS PARA A CLASIFICACIÓN DA ORACIÓN SIMPLE.....	8
6.4. TERMINOLOXÍA PARA O ESTUDO DA SEMÁNTICA.....	9
6.5. CLASIFICACIÓN DE CONECTORES OU MARCADORES DISCURSIVOS	9
7. INSTRUCCIÓN PARA A ENTREGA DE TAREFAS	10
7.1. TRABALLOS OU TAREFAS REALIZADAS A MAN.....	10
7.2. TRABALLOS OU TAREFAS REALIZADAS EN FORMATO DIXITAL	11
7.3. PRESENTACIÓNS EN FORMATO DIXITAL	13
8. AVALIACIÓN MEDIANTE DE RÚBRICAS	15



1. INTRODUCCIÓN

Este curso 2021-2022 os membros dos departamentos de Linguas do IES Moncho Valcarce decidimos formar un grupo de traballo que ten por obxectivo a unificación de terminoloxía nos diferentes campos das nosas materias, a busca de metodoloxías comúns para os contidos curriculares similares, e a elaboración dunha serie de ferramentas textuais que poidan ser empregadas por outros departamentos non lingüísticos. Decidimos, polo tanto, encamiñarnos á elaboración do TIL.

2. QUE É O TIL?

O tratamento integrado de linguas pode entenderse de dous xeitos fundamentais, seguindo a María Victoria Apraiz Jaio, Marimar Pérez Gómez e Teresa Ruiz Pérez:

- No caso das comunidades con dúas linguas cooficiais hai que entendelo como unha programación consensuada entre as linguas que se empregan no centro escolar como vehículo de aprendizaxe.
- No caso de comunidades monolingües concíbese como ensinanza integrada de linguas e contidos curriculares de áreas non lingüísticas.

Na elaboración do TIL para a comunidade educativa do IES Moncho Valcarce desenvolveremos, con maior ou menor amplitude, as dúas acepcións. Posto que na nosa comunidade existe cooficialidade entre o galego e o castelán, a primeira acepción do TIL será a que presente un maior interese para as áreas lingüísticas.

Ao mesmo tempo, intentaremos dotar de instrumentos axeitados ás áreas non lingüísticas para que o alumnado traballe a competencia comunicativa de maneira coherente nas distintas materias.

3. O PORQUÉ DO TIL

- A realidade multilingüe da nosa comunidade autónoma e do noso centro educativo.
- O cambio que se produciu, fundamentalmente a partir da LOE das fontes epistemolóxicas ou disciplinares, sendo fundamental dotar ao alumnado dunha



competencia comunicativa e priorizando, nestes tempos, a metodoloxía cun enfoque comunicativo.

4. QUE PERSEGUE O TRATAMENTO INTEGRADO DE LINGUAS?

- a) O traballo das áreas comúns das linguas desde calquera delas.
- b) Unha selección de contidos máis axeitada e unha optimización do tempo.
- c) Facilitar a transferencia do aprendido dunha lingua a outra.
- d) Unha maior coherencia didáctica compartindo enfoques metodolóxicos.
- e) Un deseño máis eficaz das actividades na aula.
- f) O uso dunha metalingua unificada para falar de idiomas.

5. DOCUMENTOS QUE XUSTIFICAN A ELABORACIÓN DO TIL

O tratamento integrado de linguas aparece contemplado de xeito implícito ou explícito nas distintas leis sobre educación a partir da LOE (2006) fundamentalmente, mais retemos como fito no seu percorrido a seguinte cita do **marco común europeo de referencia para as linguas** (2002) que na súa definición de multilingüismo expón o seguinte:

“O enfoque multilingüe enfatiza o feito de que conforme se expande a experiencia lingüística dun individuo nos ámbitos culturais dunha lingua, (...) o individuo non mantén estas linguas e culturas en compartimentos mentais estritamente separados, antes ben, desenvolve unha competencia comunicativa á que contribúen todos os coñecementos e experiencias lingüísticas e nas que as linguas se relacionan entre si e interactúan. (...) Por exemplo, os interlocutores poden cambiar dun idioma ou dialecto a outro, explotando así a capacidade de cada un para expresarse nunha lingua e comprender outra. Unha persoa pode usar o coñecemento de varias linguas para dar sentido a un texto, escrito e incluso falado, nunha lingua previamente "descoñecida", recoñecendo palabras dun fondo común internacional que aparecen cunha nova forma. (...)



Dende esta perspectiva, a finalidade da educación nunha lingua queda profundamente modificada. Xa non se ve simplemente como acadar o "dominio" dunha ou dúas - ou incluso tres linguas - cada unha considerada de xeito illado, co "falante nativo ideal" como modelo fundamental. Pola contra, o obxectivo é o desenvolvemento dun repertorio lingüístico no que todas as habilidades lingüísticas teñan lugar”.

6. ACORDOS NA TERMINOLOXÍA

Coa finalidade de evitar confusións ao alumnado, tómanse os seguintes acordos con respecto a:

6.1. TERMOS NA ANÁLISE MORFOLÓXICA – ESTRUCTURA DA PALABRA

Tras a coordinación interdepartamental, engadimos o tratamento específico dos seguintes contidos:

- Lexemas (raíz) e morfemas.
- Morfemas gramaticais independentes: son os que forman palabras independentes (determinantes, pronomes, preposicións e conxuncións). Ex: Por (Morf. Gram. Independente).
- Morfemas gramaticais dependentes: son aqueles que necesitan apoiarse no lexema.
 - Morfemas flexivos.
 - Morfemas derivativos: prefixos e sufixos.
 - Interfixos.
- Alomorfos: son as distintas representacións que pode ter un morfema. Por exemplo, o morfema de modo e tempo do “pretérito imperfecto de indicativo” pode ter os morfos –ba-/ -ía- ou os alomorfos de plural –s/-es/-is (mans, foles, animais). Os departamentos empregarán a etiqueta de “**alomorfo de lexema**” para exemplos do tipo: pong-o, no *pono.



6.2. TERMOS PARA O PROCEDIMENTO DE FORMACIÓN DE PALABRAS

- Simples.

Nos casos de palabras sen contraposición de xénero (do tipo “mesa”), estas non se descomporán.

- Derivación.
- Composición:

A súa estrutura tipo é a seguinte: lex + lex + (morfemas flexivos) = saca + corchos (☹).

Nestes casos, non se segmentará o plural.

Porén, existen outros tipos de compostos:

- os sintagmáticos. Non hai fusión ortográfica e podemos falar dun sintagma (que pode relacionarse cun guión): Mesa camilla, histórico- político...
- os cultos: formados por raíces cultas gregas ou latinas. Xeo- loxía; otorrino- laringo- logo. Porén, dentro desta categoría, en palabras do tipo “xeopolítico”, poderase considerar “xeo” como prefixo culto e palabra derivada ou como un composto con raíz culta.

- Parasíntese.

Hai dous tipos:

- Por prefixación e sufixación simultánea. Esquema: pref.+ lex+ suf ► en- dulzar. Sempre que non existan por separado. Nestes casos, os engadidos para crear verbos (“-ar, -er, -ir”) poderanse considerar morfemas derivativos, sufixos.
- Por composición e derivación. Esquema: lex+ lex+ suf. ► barrio- baj- ero. Sempre que non existan por separado.

- Outros procedementos:

- Siglas. Palabras formadas a partir da unión das letras iniciais de varias palabras; escríbense con maiúsculas e sen puntos abreviativos.
- Acronimia. Nesta categoría inclúense, seguindo á NGLÉ, as siglas que se integran na lingua como substantivos (*ovni*) e tamén as unidades léxicas que



se forman mediante a unión de distintos segmentos de varias palabras (*Banesto*).

- Acurtamento.
- Formacións por onomatopea.
- Abreviaturas.

6.3. TERMOS PARA A ANÁLISE MORFOLÓXICA

6.3.1. AS CLASES DE PALABRAS

Divididas en VARIABLES e INVARIABLES. Considéranse as seguintes clases de palabras:

- Determinante: artigos, demostrativos, posesivo, indefinido, numeral (cardinal, ordinal, partitivo, multiplicativo, distributivo...), interrogativo, exclamativo e relativo.
- Pronome: persoal (átono, tónico), demostrativo, posesivo, indefinido, numeral, interrogativo, exclamativo e relativo.
- Substantivo.
- Adxectivo.
- Verbo. Dentro desta categoría contéplase a existencia da voz pasiva perifrástica con verbo “ser”. Do mesmo xeito, tamén falaremos das perífrases verbais que serán organizadas en modais (obrigación e posibilidade) e aspectuais (ingresiva, incoativa, durativa, terminativa, habitual e reiterativa) e na materia de galego falarase tamén das temporais.
- Adverbio e locucións adverbiais.
- Conxunción e locucións conxuntivas.
- Preposición e locucións preposicionais.
- Interxección.



6.3.2. TERMINOLOXÍA PARA O PRONOME “SE”

Nesta parte diferenciaremos sempre se o pronome ten función sintáctica ou non. Dentro dos tipos ou valores do “SE”, o equipo determinou os que seguen:

- Variante de “le”.
- Reflexivo.
- Recíproco.
- “Se” de verbo pronominal.
- Dativo ético ou enfático.
- “Se” de pasiva reflexa. Nas posibles análises sintácticas indícarase como “Marca de pasiva reflexa”.
- “Se” de oracións impersonais. “Marca de impersonalidade”

6.3.3. TERMOS PARA A ANÁLISE SINTÁCTICA

A análise morfosintáctica traballárase en forma de árbore, tendo en conta que as unidades escribiráanse en minúscula e as funcións en maiúscula. Empregaranse, por conseguinte, os seguintes termos sintácticos:

- Cláusula e oración. Especificarase, se for o caso, oración ou estrutura /estructura coordinada (copulativa, adversativa, disxuntiva/disyuntiva, distributiva e explicativa), oración ou estrutura xustaposta/estructura yuxtapuesta, cláusula subordinada substantiva/sustantiva, subordinada adxectiva/adjetiva ou de relativo, subordinada adverbial propia (de tempo, de modo e de lugar), subordinada adverbial impropia (causal, consecutiva, concesiva, condicional, final, comparativa).
- Frase nominal, frase sustantiva, frase adxectiva/adjetiva, frase adverbial e frase preposicional.



- Dentro da frase(fr.): NÚC. (núcleo), NOM. (nominal), MOD. (modificador), DET. (determinante), ENL. (enlace), TERM. (termo) / TÉRM. (término). Advertiráselles que se trata de abreviaturas e que, polo tanto, manteñen o acento gráfico.
- Dentro da cláusula distinguiremos o suxeito, o predicado (só o verbo) e os complementos ao mesmo nivel. Os vocábulos para esta parte son os que seguen: SUX./SUJ. (na pasiva engadirase PAC. para o suxeito paciente), SUX. ELÍPTICO/OMITIDO, PRED., CD, CI, C. DE REX. (complemento de réxime), PTVO do SUX./ do CD (complemento predicativo), CC. (complemento circunstancial; especificaranse os facilmente identificables e no resto dos casos só se identificarán con CC), C. AX./AG. (complemento axente), ATRIB. (atributo), APOS. (aposición).

6.3.4. TERMOS PARA A CLASIFICACIÓN DA ORACIÓN SIMPLE.

Segundo a actitude do falante:

- Enunciativas: afirmativa, negativa.
- Interrogativas: directa, indirecta, parcial ou total.
- Exclamativas.
- Desiderativas.
- Dubitativas ou de posibilidade.
- Exhortativas.

Segundo a natureza do predicado:

- Copulativas ou atributivas (predicado nominal)
- Predicativas: transitivas, intransitivas, reflexivas, recíprocas, activas, pasivas reflexas ou perifrástica (predicado verbal).



- Impersonais: verbos atmosféricos; verbo HABER, HACER (en castelán) e SER en 3^a persoa de singular; pronome “se” + verbo en 3^a persoa de singular; e comentaremoslles tamén a consideración de impersonal que teñen algunhas oracións cuxo suxeito non expresamos por ser indefinido e xenérico (normalmente en 3^a persoa de plural).

6.4. TERMINOLOXÍA PARA O ESTUDO DA SEMÁNTICA

- Polisemia
- Homonimia: homógrafas e homófonas.
- Sinónima: parcial e total.
- Antonimia: recíproca, complementaria e gradual.
- Hiperonimia – hiponimia – cohiponimia.
- Campo semántico.
- Campo léxico/asociativo.
- Familia léxica.
- Significado connotativo e significado denotativo.

6.5. CLASIFICACIÓN DE CONECTORES OU MARCADORES DISCURSIVOS

Aínda que existen moitas clasificacións dos conectores ou marcadores do discurso, a que presentamos a continuación recolle os grupos fundamentais. Simplificarase, segundo os criterios do profesorado, nos primeiros cursos da ESO.

- Organizadores:
 - De apertura (“En primeiro lugar...”)
 - De continuidade (“
 - De peche (“En conclusión...”)



- Digresores (“por certo...”)
- Lóxicos:
 - Adversativos.
 - Aditivos.
 - Consecutivos.
 - Causais.
 - Temporais.
- Reformuladores:
 - Explicativos.
 - Exemplificativos.
 - De resumo.

7. INSTRUCCIÓN PARA A ENTREGA DE TAREFAS

7.1. TRABALLOS OU TAREFAS REALIZADAS A MAN

- Os traballos e/ou tarefas entregaranse escritos unicamente a **bolígrafo azul ou negro**, nunca en lapis ou en calquera outra cor. Recoméndase non empregar bolígrafos borrables.
- O traballo/tarefa incluírá obrigatoriamente a **seguinte información**:
 - se consta de portada: Título, nome e apelidos, curso do alumno/a, materia e avaliación.
 - en caso de non precisar portada, nome e apelidos e curso do alumno/a na marxe superior dereita ou inferior dereita.
- Deberán deixarse **marxes** inferior, superior, dereita e esquerda de entre 1,5 e 2 cm pois ofrecen limpeza ao escrito e permiten facer anotacións ao docente. Ademais, débese garantir **interliñado adecuado**.



- É aconsellable realizar un borrador previo ou esquema previo das ideas que se van traballar. Débese coidar a **letra** e a **limpeza** na presentación definitiva.
- Os **parágrafos** deben estar sangrados ou deixar un espazo entre eles.
- As follas que se entreguen poden ser a dobre cara, sempre numeradas, e deben estar **ben unificadas**: ben co uso de grampas, clip, funda ou carpeta.
- Cando a entrega se faga a través da aula virtual ou correo electrónico e se **dixitalice a tarefa**, o/a alumno/a deberá escanear o documento ou tomar unha fotografía adecuada da tarefa, con boa iluminación e sen sombras, fotografando só o documento. Logo deberá entregala en formato PDF.

7.2. TRABALLOS OU TAREFAS REALIZADAS EN FORMATO DIXITAL

Os documentos escritos correspondentes a tarefas ou traballos de investigación deberán realizarse preferentemente cun programa de edición de texto libre, gratuito e multiplataforma (LibreOffice) ou Google Docs. **O que debe garantirse é a apertura do documento** en calquera ordenador así que recoméndase a entrega en formato PDF.

- Criterios tipográficos

As marxes estableceranse a 2 puntos, empregarase unha fonte estándar da familia Sans (Liberation Sans, Arial) ou familia Serif (Liberation Serif, Times New Roman) ou Verdana, a 11 o 12 puntos, con sangrado inicial de liña a 1 punto, cun interliñado de 1.5 con dobre espazo entre parágrafos e xustificado a esquerda e dereita.

Se houberse citas textuais, deberán ir en cursiva e entre comiñas; se teñen unha extensión superior a unha liña, deberán colocarse en parágrafos independentes, tamén entre comiñas, con dobre sangría e un tamaño de letra 10.

- Estrutura (de ser o caso)



1.- PORTADA: Nela indicárase o título do documento, curso e grupo, ano académico e nome e apelidos do autor/a ou autores.

2.- ÍNDICE: Puntos máis relevantes do traballo xunto co número de páxina.

3.- CORPO: Contido do traballo dividido de acordo coas partes ou apartados establecidos no índice. Os apartados deben estar claramente diferenciados mediante números co seu título de apartado.

4.-BIBLIOGRAFÍA:

Detallaranse as diferentes fontes bibliográficas, tanto en formato físico como dixital.

- Citas de libros:

APELIDOS DO/A AUTOR/A, Nome: *Título da obra (en cursiva)*. Editorial, ano de edición (n.º de edición).

- Webgrafía:

APELIDOS DO/A AUTOR/A, Nome: "Título do artigo (entre comiñas)", URL completa copiada directamente da barra do navegador (de xeito que sirva como hiperligazón para acceder á fonte). Data do último acceso.

- Uso de imaxes

Cando se inclúan imaxes e/ou outros obxectos dos cales non somos propietarios deberanse ter en conta os dereitos de autoría. Non se poderá facer uso de imaxes con Copyright (©).

Respecto das imaxes don Copyleft, poderase facer uso das mesmas nos termos establecidos polo seu autor (ver licenzas Creative Commons) e citando ao mesmo.



7.3. PRESENTACIÓNS EN FORMATO DIXITAL

As presentacións correspondentes a tarefas ou traballos de investigación deberán realizarse preferentemente cun programa libre, gratuito e multiplataforma (LibreOffice) ou Google Docs. **O que debe garantirse é a apertura do documento.**

Como apoio que son para unha exposición oral, as mensaxes deben ser simples e estar correctamente estruturadas.

- Empregarase unha fonte estándar: familia Sans (Liberation Sans, Arial...), familia Serif (Liberation Serif, Times New Roman...) cun tamaño adecuado para a lectura do público.
- O texto estará xustificadado.
- As páxinas deberán estar numeradas.
- O fondo das diapositivas debe permitir que os textos sexan lexibles.
- O texto incluído en cada diapositiva será breve e conciso.
- Para crear un maior impacto visual, recoméndase empregar imaxes, táboas e gráficos.
- Para resaltar a secuenciación dos contidos poderanse usar animacións do texto e/ou obxectos incluídos no documento.
- Por outra banda, a presentación deberá constar dunha serie de elementos:
 - INICIO: Presentación, contacto co público, preséntase o guión.
 - CORPO: A través das diferentes diapositivas expóranse os distintos contidos.
 - CONCLUSIÓN: finalización da exposición.
 - BIBLIOGRAFÍA/WEBGRAFÍA (de ser o caso):
 - Citas de libros: APELIDOS DO AUTOR, Nome: "*Título da obra (en cursiva)*".
Editorial, ano de edición (n.º de edición).



IES MONCHO VALCARCE

Rúa José M^a Penabad López s/n

15320 As Pontes – A Coruña



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE



- Webgrafía: APELIDOS DO AUTOR, Nome: “Título do artigo (entre comiñas)”, URL completa copiada directamente da barra do navegador (de xeito que sirva como hiperligazón para acceder á fonte). Data do último acceso.

- Uso de imaxes:

Cando se inclúan imaxes e/ou outros obxectos, dos cales non somos propietarios, deberanse ter en conta os dereitos de autoría. Non se poderá facer uso de imaxes con Copyright (©). Respecto das imaxes don Copyleft, poderase facer uso das mesmas nos termos establecidos polo seu autor (ver licenzas Creative Commons) e citando ao mesmo.



8. AVALIACIÓN MEDIANTE DE RÚBRICAS

Neste punto deixaremos unha serie de rúbricas como posible método de avaliación, de uso voluntario, tanto para o departamento de Lingua Castelá e Literatura, o de Lingua Galega e Literatura, como para os departamentos de Francés e Inglés. Concretamente as rúbricas de Francés son xenéricas e aplicables a toda a ESO. Atenderase ao curso e ao tipo de tarefa ou actividade proposta.

1º ESO e 2º ESO

TRABALLOS ESCRITOS					
	0 PUNTOS	0'25 PUNTOS	0'5 PUNTOS	0'75 PUNTOS	1 PUNTO
Lexibilidade.	Non realiza a tarefa. O traballo é ilexible. Presenta unha separación inexistente ou incorrecta entre palabras. Caligrafía non comprensible.	Presenza de 10 erros ou máis por substitución, omisión ou adición de letras ou sílabas. Palabras mal separadas. Trazo que dificulta a lectura.	Entre 9 e 5 erros por substitución, omisión ou adición de letras ou sílabas.	Menos de 4 erros por substitución, omisión ou adición de letras ou sílabas.	Un erro ou menos por substitución, omisión ou adición de letras ou sílabas.
Puntuación.	Non realiza a tarefa. Non utiliza signos de puntuación ou faino de maneira errónea ao longo de todo o escrito.	Máis da metade dos signos de puntuación están mal empregados ou non existen.	Entre o 50% e o 30% dos signos de puntuación son erróneos ou non existen.	Utiliza os signos de puntuación con menos dun 30% de erros no seu uso.	Traballo ben puntuado, con menos dun 10% de erros.
Vocabulario. Rexistro.	Non realiza a tarefa ou o traballo é plaxiado.	Vocabulario pobre e repetitivo.	Vocabulario repetitivo, mais emprega algún termo específico.	Vocabulario repetitivo nalgunha ocasión pero emprega a linguaxe específica adecuadamente.	Vocabulario variado e con un uso adecuado de tecnicismos ou linguaxe específica.
Presentación completa e contidos.	Non realiza a tarefa ou o traballo é plaxiado. Información errónea e/ou desordenada.	Máis da metade do traballo non se realiza. A información sobre varios aspectos é incompleta ou está mal organizada ou é contradictoria	Entre o 25% e o 50% do traballo non se realiza. A información presentada está	Realiza o traballo pero unha parte inferior ao 25% non se fai. O contido está ben organizado. A	Realización completa da totalidade do traballo. O contido está ben organizado. A información é correcta.



			incompleta en máis de un apartado.	información é incompleta nun dos apartados.	
Ortografía.	Máis de 10 faltas e máis de 10 tiles.	Entre 6 e 10 faltas e entre 8 e 10 tiles.	Entre 4 e 5 faltas. Ata 7 tiles.	Entre 2 e 3 faltas. Ata 5 tiles	Ten unha ou ningunha falta ortográfica. Ata 3 tiles erróneas.

ACTIVIDADES ORAIS

	0 puntos	0'25 puntos	0'5 puntos	0'75 puntos	1 punto
FLUIDEZ	Non realiza a tarefa ou le o que ten escrito.	Hai continuas pausas inadecuadas ao logo de toda a participación oral ou titubeos.	Hai máis de 4 pausas inadecuadas ou titubeos.	Hai entre 2 e 4 pausas inadecuadas ou titubeos.	Participa e realiza a súa intervención con fluidez e sen pausas inadecuadas e sen titubeos
ENTOACIÓN	Non realiza a tarefa ou le o que ten escrito sen entoar adecuadamente.	Entoación monocorde durante toda a intervención oral.	Na enunciación a entoación é monocorde pero marca as interrogacións e as exclamacións.	En entoación é axeitada na maior parte da intervención, aínda que presenta entre 1 e 2 erros de entoación.	Entoación variada e adecuada oas contidos expresados. Identifica as diferentes entoacións e realizaas correctamente.
VOCABULARIO	Non realiza a tarefa ou le o que ten escrito.	Vocabulario pobre e/ou repetitivo con palabras de significado amplo.	Vocabulario repetitivo nalgunha ocasión pero empregando termos específicos, con menos de 5 erros.	Vocabulario variado pero con un uso inadecuado de termos específicos en 1 ou 2 ocasións.	Vocabulario variado e con uso adecuado de termos específicos.
LINGUAXE NON VERBAL	Non realiza a tarefa ou le o que ten escrito sen coidar a súa postura.	Hai unha aceptable actitude e expresión corporal e desvía en varias ocasións a mirada do público.	Hai unha aceptable actitude e expresión corporal de cara ao público.	Hai unha correcta actitude e expresión corporal mais ás veces non contacta co público.	Hai unha correcta actitude e expresión corporal de cara ao público.



ACTIVIDADES ORAIS. DEBATE					
	0 puntos	0'25 puntos	0'5 puntos	0'75 puntos	1 punto
FLUIDEZ	Non realiza a tarefa ou le o que ten escrito.	Hai continuas pausas inadecuadas ao logo de toda a participación oral ou titubeos.	Hai máis de 4 pausas inadecuadas ou titubeos.	Hai entre 2 e 4 pausas inadecuadas ou titubeos.	Participa e realiza a súa intervención con fluidez e sen pausas inadecuadas e sen titubeos
ENTOACIÓN	Non realiza a tarefa ou le o que ten escrito sen entoar adecuadamente.	Entoación monocorde durante toda a intervención oral.	Na enunciación a entoación é monocorde pero marca as interrogacións e as exclamacións.	En entoación é axeitada na maior parte da intervención, aínda que presenta entre 1 e 2 erros de entonación.	Entoación variada e adecuada oas contidos expresados. Identifica as diferentes entoacións e realizaas correctamente.
VOCABULARIO	Non realiza a tarefa ou le o que ten escrito.	Vocabulario pobre e/ou repetitivo con palabras de significado amplo.	Vocabulario repetitivo nalgunha ocasión pero empregando termos específicos, con menos de 5 erros.	Vocabulario variado pero con un uso inadecuado de termos específicos en 1 ou 2 ocasións.	Vocabulario variado e con uso adecuado de termos específicos.
LINGUAXE NON VERBAL	Non realiza a tarefa ou le o que ten escrito sen coidar a súa postura.	Hai unha aceptable actitude e expresión corporal e desvía en varias ocasións a mirada do público.	Hai unha aceptable actitude e expresión corporal de cara ao público.	Hai unha correcta actitude e expresión corporal mais ás veces non contacta co público.	Hai unha correcta actitude e expresión corporal de cara ao público.
RESPECTO DE TURNOS E APORTACIÓNS	Non realiza a tarefa ou participa sen respectar en ningún momento a orde de turnos establecida.	Participa moi pouco ou respecta menos da metade das veces o turno de intervención marcado.	Participa respectando a orde dos turnos establecida pero as súas aportacións de ideas son erróneas.	Participa respectando a orde dos turnos establecida pero hai entre 1 e 3 erros na aportación de opinións.	Participa respectando a orde de turnos establecida e a aportación de opinións é axeitada en todo momento.
COMPRESIÓN E REVISIÓN DOS CONTIDOS	Non realiza a tarefa. Non comprende as aportacións dos demais. Non revisa as opinións propias para poder modificalas cando son erróneas.	Non comprende as aportacións dos demais ou non revisa as opinións propias para poder modificalas cando son erróneas nunha porcentaxe superior ao 50%.	Comprende as aportacións dos demais e reconece os erros propios pero non os revisa nunha porcentaxe de entre o 49% e o 25%.	Recoñece os erros propios pero non os revisa nunha porcentaxe inferior ao 25%.	Recoñece e revisa os erros propios e revisaos coas aportacións dos demais para que o resultado sexa correcto en canto aos contidos recollidos.



EXPOSICIÓN ORAIS CON APOIO VISUAL

	0 puntos	0'25 puntos	0'5 puntos	0'75 puntos	1 punto
FLUIDEZ	Non realiza a tarefa ou le o que ten escrito.	Hai continuas pausas inadecuadas ao logo de toda a participación oral ou titubeos.	Hai máis de 4 pausas inadecuadas ou titubeos.	Hai entre 2 e 4 pausas inadecuadas ou titubeos.	Participa e realiza a súa intervención con fluidez e sen pausas inadecuadas e sen titubeos
ENTOACIÓN	Non realiza a tarefa ou le o que ten escrito sen entoar adecuadamente.	Entoación monocorde durante toda a intervención oral.	Na enunciación a entoación é monocorde pero marca as interrogacións e as exclamacións.	En entoación é axeitada na maior parte da intervención, aínda que presenta entre 1 e 2 erros de entonación.	Entoación variada e adecuada oas contidos expresados. Identifica as diferentes entoacións e realizaas correctamente.
VOCABULARIO	Non realiza a tarefa ou le o que ten escrito.	Vocabulario pobre e/ou repetitivo con palabras de significado amplo.	Vocabulario repetitivo nalgunha ocasión pero empregando termos específicos, con menos de 5 erros.	Vocabulario variado pero con un uso inadecuado de termos específicos en 1 ou 2 ocasións.	Vocabulario variado e con uso adecuado de termos específicos.
LINGUAXE NON VERBAL	Non realiza a tarefa ou le o que ten escrito sen coidar a súa postura.	Hai unha aceptable actitude e expresión corporal e desvía en varias ocasións a mirada do público.	Hai unha aceptable actitude e expresión corporal de cara ao público.	Hai unha correcta actitude e expresión corporal mais ás veces non contacta co público.	Hai unha correcta actitude e expresión corporal de cara ao público.
APOIO VISUAL	Non realiza a tarefa ou non presenta apoio visual.	A presentación visual é demasiado variada e sen criterio nas cores e/ou nos tipos de letra e non respecta os apartados. As diapositivas están claramente desordenadas.	A presentación visual ten varios cambios nas cores e/ou tipos de letra e non respecta os apartados. Hai varias alteracións na orde das diapositivas.	A presentación visual é coherente nas cores, imaxes e apartados, pero varía os tipos de letra. Hai algunha alteración na orde das diapositivas.	A presentación visual é clara e coherente: cores, tipo de letra, apartados, imaxes. A secuencia das diapositivas é correcta, as partes están ordenadas.
DURACIÓN ACORDADA	Non realiza a tarefa ou é demasiado breve.	Emprega a metade do tempo pactado.	Emprega un pouco menos tempo do pactado.	Excédese un pouco no tempo pactado.	Axústase ao tempo pactado.



FRANCÉS. COMPRENSIÓN ORAL.				
	9 / 10 puntos	7 / 8 puntos	5 / 6 puntos	Menos de 5 puntos
Escoita	Mantén unha atención constante durante a exposición.	Non se distrae durante a exposición das ideas principais.	Distráese de cando en vez.	Distráese continuamente.
Comprende	É quen de resumir correctamente o contido.	Resume o contido con expresión mellorable.	Capta o significado global pero ten dificultade para expresalo.	No capta o significado.
Xerarquiza	Distingue entre as ideas principais e as secundarias.	Distingue entre as ideas principais e algunhas secundarias.	Distingue a idea principal do texto.	Non distingue entre ideas principais e secundarias.
Contextualiza	Identifica a situación comunicativa e aporta argumentos.	Identifica a situación comunicativa pero non aporta argumentos.	Identifica con dificultade a situación comunicativa.	Non identifica a situación comunicativa.

FRANCÉS. EXPRESIÓN ORAL.				
	9 / 10 puntos	7 / 8 puntos	5 / 6 puntos	Menos de 5 puntos
Expresión corporal	Orienta a postura cara a audiencia. Mantén o contacto ocular. Non amosa signos de nerviosismo.	Orienta a postura cara a audiencia. Frecuente contacto ocular. Amosa algún signo de nerviosismo.	Non orienta a postura cara a audiencia. Ocasionalmente mantén o contacto ocular e manifesta un nerviosismo evidente.	Non orienta a postura cara a audiencia. Non mantén o contacto ocular e manifesta nerviosismo evidente.
Aspectos paralingüísticos	Pronuncia con claridade e fluidez toda as ideas que expón. Volume e entoación adecuados. A velocidade facilita a comprensión.	Pronuncia con claridade e mostra fluidez, pero con algunhas pausas e bloqueos. O volume e a entoación non son adecuados. A velocidade permite a comprensión.	Pronuncia sen claridade ou sen fluidez con continuos bloqueos ou pausas. O volume e a entoación son adecuados pero a velocidade dificulta a comprensión.	No é capaz de pronunciar con claridade e fluidez todas as palabras.
Contido	Mostra un amplo dominio dos contidos referentes ao tema. Organiza o tema de forma estruturada e toda a información que presenta está relacionada co tema.	Mostra un dominio adecuado dos contidos referentes ao tema. Presenta abundante información que se relaciona co tema. Organiza o tema sen diferenciar aspectos centrais e secundarios.	Mostra un escaso dominio dos contidos referentes ao tema. Presenta moita información non relacionada claramente co tema. Non estrutura o tema pero si presenta unha mínima organización dos contidos.	Non mostra ningún coñecemento dos contidos do tema. A información non está directamente relacionado co tema. Non organiza o tema, nin o estrutura e tampouco o secuencia.
Soportes visuais se é o caso	A presentación está correctamente preparada e atractiva. Tamén está empregada axeitadamente durante a exposición.	A presentación recolle demasiado texto por cada diapositiva, no é suficientemente atractiva e a	A presentación está elaborada incorrectamente ao resultar ilexible polo fondo utilizado, a posición das	Le o contido da presentación ou non presenta ningún soporte visual.



		información debería estar repartida en máis diapositivas.	imaxes, a fonte, tamaño e cor da letra, etc.	
Aspectos gramaticais	Utiliza suficientes conectores do discurso e realiza un esforzo notable para empregar estruturas sintácticas propias do rexistro que se demanda.	A pesar do esforzo por construír correctamente o discurso, hai algunha cuestión de estilo que afea o resultado ou repite os mesmos conectores do discurso.	Non utiliza en absoluto conectores do discurso ou as estruturas sintácticas usadas son pobres.	Emprega durante a exposición erros gramaticais evidentes (vulgarismos).
Aspectos léxicos	Utiliza un vocabulario amplo con terminoloxía propia do tema (mesmo tecnicismos), sendo capaz de diferenciar entre os diferentes rexistros se é o caso.	Utiliza un vocabulario limitado con deficiencias na comprensión e explicación da terminoloxía aínda que é quen de diferenciar os rexistros.	Utiliza un léxico pobre e pouco preciso saltando dun rexistro a outro sen ser quen de diferenciarlos.	Emprega palabras erroneamente ou confunde unhas con outras cometendo incorreccións léxicas graves ou vulgarismos.

FRANCÉS. COMPRENSIÓN ESCRITA.

	9 / 10 puntos	7 / 8 puntos	5 / 6 puntos	Menos de 5 puntos
Identifica as ideas principais do texto.	Identifica a idea principal e pode expresala empregando as súas propias palabras.	Discrimina as ideas principais e secundarias tales e como aparecen no texto.	Recoñece frases ou oracións do texto aínda que non distingue entre a idea principal e secundaria.	Non identifica ideas principais nin secundarias nin entende a maioría das frases ou oracións do texto.
Localiza información específica nun texto, gráfica ou táboa.	Identifica información específica do texto, gráfica ou táboa sen axuda do docente.	Identifica o parágrafo ou as oracións onde se atopa a información demandada coa axuda do docente.	Aínda que le varias veces o texto, gráfica ou táboa, resúltalle complicado localizar a información demandada.	Non é capaz de localizar a información demandada.
Utiliza a información contida nun texto para desenvolver argumentos.	Argumenta o contido do texto baseándose nas súas ideas.	Expresa coas súas propias palabras o contido do texto.	Usa palabras ou oracións do texto para explicar o contido do mesmo.	Non é capaz de explicar o contido do texto.



FRANCÉS. EXPRESIÓN ESCRITA.				
	9 / 10 puntos	7 / 8 puntos	5 / 6 puntos	Menos de 5 puntos
